



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 16 DE MAIO DE 2014.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas e trinta minutos do día dezaseis de maio de dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz

**Non asisten os concelleiros Sres. Español Otero e Crespo González.**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-**

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 15 e 30 de abril de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

#### **PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- EXPEDIENTE 888/2014.- D<sup>a</sup>. ANTONIA BAZ GÓMEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 145,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE NA LIMPEZA DE RESTOS VEXETAIS, LEVANTADO DE TELLAS, RETIRADA DE RESTOS E RECOLOCACIÓN DAS MESMAS TELLAS, DA EDIFICACIÓN SITUADA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL, S/N. (HOTEL SAN BENITO), EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 5 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.105/2014.- D. RICARDO GONZÁLEZ ÁLVAREZ, PARA REPARAR PARTE DA CUBERTA TRASEIRA NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR URALITA E TELLA NOVA DO PAIS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3<sup>o</sup> TRV. BECHOS N<sup>o</sup>. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "BECHOS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 9 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.320/2014.- D. VALENTIN LLAMERA ESCUDERO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 175,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR O MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE E FORMACIÓN DUNHA NOVA CON CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX. CON REMATE DE CUMBREIRAS E ALEIROS E IMPERMEABILIZACIÓN CON CAUCHO DOS ENCONTROS DA CUBERTA", DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NA RÚA DE CASTIÑEIRA-O CASTRO N<sup>o</sup>. 9, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 9 DO P.X.O.U.),
- EXPEDIENTE 1.500/2014.- PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE A GUARDA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 46,00 m<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA EXISTENTE E COLOCACIÓN DE PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX., NA CASA PARROQUIAL SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA ANDREINI N<sup>o</sup>. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 1 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 807/2014.- D<sup>a</sup>. CECILIA GÓMEZ VICENTE, PARA PECHAR A ENTRADA DE PORTAL E SUBSTITUIR POR UNHA FIESTRA DE 1,35 X 1,10 CMS. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE 3<sup>o</sup> TRV. SOLANAS N<sup>o</sup>. 25, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 2 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.076/2014.- D. JUAN ALLICA ORTEGA, PARA REFORMA DE ESCALEIRAS EXTERIORES E SUBSTITUIR A PORTA ACTUAL POR UNHA VENTÁ, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE SALGUEIRO N<sup>o</sup>. 6, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 3.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN DE PARCELA SITA NA RÚA DE CARRETERA O CASTRO N.º. 6, A INSTANCIA DE D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ E D<sup>a</sup>. ASCENSIÓN IGNACIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.**

---

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 2.786 de data 28 de maio de 2013, a instancia de **D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ** e con domicilio na rúa de Carretera O Castro n.º. 6 de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Calixto Abundancia del Barrio para **"SEGREGACIÓN DE PARCELA"**, sita na rúa de Carretera O Castro n.º. 6.

#### **INFORMES:**

##### **INFORME TÉCNICO 09-04-2014:**

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para **"SEGREGACIÓN DE PARCELA"**, sita na rúa de Carretera O Castro n.º. 6, teño a ben emiti-lo seguinte INFORME:

#### **1.- DOCUMENTOS:**

1.1.- Informe de segregación de fincas a nome de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.Carmen e D<sup>a</sup>. Ascensión Ignacia Rodríguez González, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Calixto Abundancia del Barrio, selado polo colexio profesional con data 09-05-13.

1.2.- Títulos de propiedade de catro parcelas por un total de 2.000 m<sup>2</sup>. (331+180+1.305+184). A parcela matriz ten unha superficie de 1.420 m<sup>2</sup>. segundo o proxecto técnico.

1.3.- A parcela matriz ten fronte a Carretera do Castro, no tramo transferido ó Concello segundo acta de entrega de 30 de marzo de 2011.

1.4.- Con data 25-10-13 achégase ó expediente a seguinte documentación:

- Novo informe de segregación de parcela sen selado do colexio profesional.

1.5.- Con data 22-01-14 achégase ó expediente a seguinte documentación:

- Documentación modificada e complementaria do informe de segregación de parcela sen selado do colexio profesional.

1.6.- Acta de aliñación e rasante emitida polos servizos técnicos municipais con data 08-04.14.

#### **2.- INFORME TÉCNICO:**

2.1.- Segundo os planos presentados a finca matriz está clasificada como SOLO DE NÚCLEO RURAL cualificada na súa meirande parte coa ordenanza n.º. 9, a parte



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Norte está situada na área de tolerancia do núcleo rural e cualificada coa ordenanza nº. 9-B.

2.2.- Segundo so títulos de propiedade aportados e a información do catastro, o proxecto técnico presentado pretende a agrupación de varias parcelas nunha finca matriz que posteriormente se pretende dividir en dúas parcelas.

2.3.- A superficie total da parcela matriz agrupada é segundo o proxecto técnico de 1.420,04 m<sup>2</sup>., linda cara o Norte coa PO-353 e cara o Sur con camiño público.

2.4.- A parcelación proposta deberá cumprir coas indicacións sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do P.X.O.U. e cos artigos 204 e 205 da LOUGA.

2.5.- Sobre a parcela matriz existe unha vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta e varias edificacións auxiliares.

2.6.- As parcelas de resultado, considerando a edificabilidade computable das edificacións existentes, cumpren as condicións de superficie mínima da ordenanza de aplicación, Ord. 9. Conforme ó apartado 4.2.2.2 das ordenanzas reguladoras do P.X.O.U., cando unha parcela teña parte da súa superficie situada noutra ordenanza dentro da mesma clase de solo, os efectos de determinar a parcela mínima, poderá computarse ata un 20 % da parcela situada na ordenanza principal (ord. 9 neste caso).

2.7.- As parcelas de resultado quedan como se indica ó seguir:

	SUP. NETA	CESIÓN	TOTAL
<b>PARCELA A</b>	756,86 m <sup>2</sup> .	0,00 m <sup>2</sup> .	756,86 m <sup>2</sup> .
<b>PARCELA B</b>	622,54 m <sup>2</sup> .	40,64 m <sup>2</sup> .	663,18 m <sup>2</sup> .
<b>TOTAL</b>	1.379,40 m <sup>2</sup> .		1.420,04 m <sup>2</sup> .

2.8.- Parcelas de resultado conforme normativa urbanística de aplicación.

## **PARCELA A**

Nesta parcela existe unha vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta.

ORD. Nº 9 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL			
ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA	600,00 m <sup>2</sup>	(neta) 560,78 m <sup>2</sup> + 196,08 m <sup>2</sup> (ord.9B) Parcela computable (ord.9) 660,93 m <sup>2</sup> .	(*) CUMPRE
EDIFICABILIDADE (excluido baixocuberta)	0,40 m <sup>2</sup> ./m <sup>2</sup> .	(145,785 m <sup>2</sup> ) 0,22 m <sup>2</sup> ./m <sup>2</sup> .	CUMPRE
INDICE OCUPACIÓN	30,00 %.	(145,785 m <sup>2</sup> ) 22,00 %.	CUMPRE

(\*) Excepción prevista nas ordenanzas en parcelas con dúas ordenanzas.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## PARCELA B

ORD. Nº 9 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL- LEI 9/2002			
ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV
PARCELA MÍNIMA	600,00 m <sup>2</sup>	(neta) 622,54 m <sup>2</sup>	CUMPRE

### 3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable, conforme a documentación presentada 25.10.13 e 22.01.14.**

3.2.- A autorización para a parcelación non implica en ningún caso autorización de edificación.

3.3.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.

#### INFORME XURÍDICO 09-04-2012:

Conta co informe xurídico **favorable** suscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarellos, quen indica que en ningún caso autoriza dita licencia a edificar, e sempre e cando tal licencia se condicione a súa eficacia o cumprimento dos seguintes condicionantes:

Proceder a agrupación das catro parcelas obxeto do expediente, con carácter previo á parcelación, mediante o outorgamento da correspondente escritura de agrupación da parcela matriz, na que se reflexe a cabida da parcela resultante de acordo co proxecto presentado para obter licencia, isto é a documentación presentada no Concello de A Guarda o 25-10-2013 e 22-01-2014.

Tales condicións deben recollese expresamente no texto da licencia, advertindo o titular da mesma que a licencia non terá eficacia algunha sen o cumprimento das mesmas.

#### INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 08.05.2014.

Conta con informe **favorable**.

**A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### PUNTO 4.- OBRAS MAIORES

#### EXPEDIENTE NÚMERO: 1.092/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 28-02-2014 (R.E. nº. 1.092), por **D. FLORENTINO SANTOS ALONSO ÁLVAREZ** con D.N.I. nº. 34.581.573-X e con domicilio na rúa de 1º Transversal Outeiro-Cascallar nº. 10 de A Guarda-C.P. 36788, para "LEGALIZACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN" sito na rúa de 1º Transversal Outeiro-Cascallar nº. 10, en Solo Urbano de Núcleo Rural de "Camposancos" (Ordenanza Nº. 7 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito polo Arquitecto Técnico D. Santiago Lima Ameal (Visado C.O.A.G.: 28-02-2014).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal de data 20-03-2014, considérase **favorable** á concesión da licenza municipal para a legalización das obras executadas.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 09-04-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo. Asimesmo, procede acordar o alzamento a orde de paralización das obras acordada por Decreto da Alcaldía de 12 de xuño de 2013, dado que as obras infractoras quedan legalizadas co outorgamento da presente licencia, notificando o contido do acordo que se adopte ó interesado, á APLU e o veciño denunciante, con expresión dos recursos procedentes.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. FLORENTINO SANTOS ALONSO ÁLVAREZ**, licenza para "LEGALIZACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN" sito na rúa de 1º Transversal Outeiro-Cascallar nº. 10, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 1.759/2014.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 04-04-2014 (R.E. nº. 1.759), por **D. CONSTANTINO LAGO BARGIELA** con D.N.I. nº. 01.358.145-H e con domicilio na rúa de Julián López nº. 14-1º de A Guarda-C.P. 36780, para "DEMOLICIÓN PARCIAL DE EDIFICIO DE VIVENDAS" sito na rúa de Julián López nº. 14, en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 1 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico suscrito polo Arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez (Visado C.O.A.G.: 24-03-2014).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal de data 20-04-2014, considérase **favorable ó proxecto de demolición presentado para axustar o fondo edificado á normativa urbanística de aplicación.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 30-04-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, de acordo coa seguinte proposta:

1º.- Concede-la licenza municipal de obras de demolición parcial do edificio nº. 14 da rúa de Julián López a favor de D. Constantino Lago Bargiela para axustar o edificio o fondo máximo permitido de acordo coa licenza orixinaria concedida o 16-12-1993, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnico e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse o interesado e tamén a denunciante D<sup>a</sup>. Teresa Pena Martínez. Como consecuencia da concesión da licenza en cuestión deixar sen efecto a execución forzosa seguida contra o Sr. Lago Bargiela tendente a cumprir a orde de demolición, cesando na imposición de multas coercitivas.

2º.- Previo a declaración da caducidade da facultade municipal de restauración da legalidade urbanística respecto a planta cuarta do devandito edificio, conceder o trámite de audiencia o Sr. Lago Bargiela e a Sr<sup>a</sup>. Pena Martínez para que no prazo de quince días poidan formular alegacións sobre a data de terminación de dita planta cuarta, aportando ó efecto cantas probas estimen oportunas, para que unha vez verificadas e informadas tales alegacións, se acorde o procedente en dereito.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 16 de maio de 2014 **RESOLVE**:

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. CONSTANTINO LAGO BARGIELA**, licenza para "DEMOLICIÓN PARCIAL DE EDIFICIO DE VIVENDAS" sito na rúa de Julián López nº. 14, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Cando non se cumprixe o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

Neste punto a Secretaria advirte que ó seu entender, non cabe deixar de impoñer multas coercitivas ó señor Lago Bargiela polo feito ter solicitada e obter a licenza, posto que as multas deberán reiterarse ata a completa execución das obras ordenadas, e a súa constatación polos servizos técnicos municipais.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 4.900/2012.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 01-08-2012 (R.E. nº. 4.900), por **D<sup>a</sup>. ROSALIA GONZÁLEZ GRANJA** con D.N.I. nº. 34.886.063-P e con domicilio no Barrio de Vilar nº. 19 (Pedornes) de Santa María de Oia-C.P. 36794, para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL E ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR" sito na rúa de Brasil nº. 6-baixo, en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 1 do P.X.O.U.) "*Edificación en bloque cerrado*", segundo proxecto técnico suscrito polo Arquitecto D. José Luis Vázquez Pérez (Visado C.O.A.G.: 23-07-2012).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal de data 24-02-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza de obras, se



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ben antes da apertura do local débese xirar visita de comprobación aos efectos de verificar a adecuación do mesmo ó solicitado.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 26-02-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, impondo os condicionantes establecidos no informe técnico e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, é en especial, que se autorice simultaneamente a licenza de actividade de forma provisional para café-bar, especificando que a denominación no catálogo da actividade é café-bar co número identificativo 2.7.2, con período de vixencia de carácter permanente e que o aforo é de 25 persoas como máximo, quedando condicionada a apertura do local á visita de comprobación polo técnico municipal e posterior concesión de licenza de actividade definitiva. Procede notificar a licenza ademais da interesada á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, e a persoa que en nome de varias Comunidades presentou escrito solicitando o cumprimento da legalidade na concesión desta licenza.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D<sup>a</sup>. ROSALIA GONZÁLEZ GRANJA**, licenza para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL E ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR" sito na rúa de Brasil nº. 6-baixo, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### PUNTO 5.- LICENZAS DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coas solicitudes de licenza municipal promovidas por **IMERYS KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A.** (R.E. nº. 3.399 de 12/05/2010) para "AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADE EN PLANTA DE FABRICACIÓN DE PRODUCTOS CERÁMICOS REFRACTARIOS" e (R.E. nº. 6.458 de 11-10-2012) para "INSTALACIÓN E ACTIVIDADE DE FABRICACIÓN DE SOPORTES CERÁMICOS DE MEMBRANA PARA FILTRACIÓN", situado na rúa de José María Sesto, s/n. (As Cachadas) de A Guarda.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a IMERYS KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A. licenza municipal nº. 10/2014 para a actividade de FABRICACIÓN PRODUCTOS REFRACTARIOS (Epíg. 247.1) situado na rúa de José María Sesto, s/n. (As Cachadas) de A Guarda.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por GONZALAGO, S.L. (RE 6.681 de 10/12/2013) para a apertura dun local dedicado ás actividades de OUTRAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA (EPIG. 933.9) E COMERCIO MENOR MOBLES E MÁQUINAS DE OFICIÑA (EPIG. 659.2) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 2 - baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a GONZALAGO, S.L. licenza municipal nº 11/2014 para a apertura dun local para a actividade de OUTRAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA (EPIG. 933.9) e licenza municipal 12/2014 para a actividade COMERCIO MENOR MOBLES E MAQUINAS DE OFICIÑA (EPIG. 659.2) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 2-baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por M<sup>a</sup> LUISA LAGOS LÓPEZ (RE 1.624 de 28/03/2014) para a apertura dun local dedicado ás actividades de COMERCIO MENOR BOMBONS E CAMELOS (EPIG. 644.5), COMERCIO MENOR ARTICULOS DE MENAXE, FERRETERÍA, ADORNO (EPIG. 653.3) E COMERCIO MENOR SEMILLAS, ABONOS, FLORES, PLANTAS (EPIG. 659.7) situado na rúa de Concepción Arenal, nº 67-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a M<sup>a</sup> LUISA LAGOS LOPEZ licenza municipal nº 13/2014 para a actividade de COMERCIO MENOR BOMBONS E CAMELOS (EPIG. 644.5), licenza municipal nº 14/2014 para a actividade COMERCIO MENOR ARTICULOS DE MENAXE, FERRETERÍA, ADORNO (EPIG. 653.3) e licenza municipal nº 15/2014 para a actividade de COMERCIO MENOR SEMILLAS, ABONOS, FLORES, PLANTAS (EPIG. 659.7) no local situado na rúa de Concepción Arenal, nº 67-baixo da Guarda.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 6.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA**

---

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D<sup>a</sup>. TAMARA FERNANDEZ ESTEVEZ (RE 1.561 de 25.03.2014), para o local dedicado a actividade de DOUTORES, LICENCIADOS POLÍTICAS, SOCIAIS, LETRAS (Epig. 776.2) sito na rúa de Galicia, nº 85-1ª que antes figuraba a nome de ELENA IGLESIAS DOMINGUEZ.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D<sup>a</sup>. TAMARA FERNANDEZ ESTEVEZ cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de ELENA IGLESIAS DOMÍNGUEZ para o local dedicado a actividade de DOUTORES, LICENCIADOS POLÍTICAS, SOCIAIS, LETRAS (Epig. 776.2) sito na rúa de Galicia, nº 85-1ª de A Guarda (GABINETE PSICOPEDAGÓXICO ARNELA).

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> DEL PILAR COUSO CORTIZO (RE 1.887 de 09.04.2014), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR PRODUCTOS TEXTILES PARA O FOGAR (Epig. 651.1) sito na rúa de Galicia, nº 58-BAIXO que antes figuraba a nome de CAMILO GONZÁLEZ DE LA VEGA.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> PILAR COUSO CORTIZO cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de CAMILO GONZALEZ DE LA VEGA para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS TEXTILES PARA O FOGAR (Epig. 651.1) sito na rúa de Galicia, nº 58-BAIXO de A Guarda (PEPE CAMILO TEXTIL).



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## PUNTO 7.- ACORDOS

---

Vista a Orde do 28 de abril de 2014 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2014 e se procede á súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda solicitar dita subvención.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello da Guarda.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 8 de maio de 2014 relativo á reanudación do Servizo de Axuda no Fogar de M.I.F.M.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a reanudación do Servizo de Axuda no Fogar.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 13 de maio de 2014 informando da baixa no servizo de Axuda no Fogar con cargo á libre concurrencia e a súa alta no Servizo de Axuda no Fogar por Lei de Dependencia de:

Nome e apelidos	Horas concedidas
O.C.E.D.	31 horas mensuais

Lese o escrito RE 362 de data 23 de xaneiro de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. N.D.B., con enderezo na rúa de 1<sup>a</sup> Transv. Laxes, nº 33 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Barreira, nº 33.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 4.960 de data 13 de setembro de 2013, presentado por D. A.F.P., actuando en representación de C.S.B., con enderezo na Avda. de San Lorenzo, nº



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

19 solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Avda. San Lorenzo, nº 19.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2014 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 4.906 de data 11 de setembro de 2013, presentado por D. M.V.O., con enderezo na rúa 2ª Transv. Bechos, nº 15, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa 2ª Transv. Bechos, nº 15.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2014 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de ABRIL de 2014 cuio importe total ascende a cantidade de 821,91 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dase conta do informe do encargado municipal do mercado relativo a non montaxe dos seguintes postos no mercado dos sábados e a proposta de baixa no mesmo.

- Relación de postos: nº 8, nº 9, nº 16, nº 37, nº 42 e nº 66.

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa baixa.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MARZO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito do asesor xurídico do concello de data 14 de maio de 2014 no que da conta do decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de 5 de maio de 2014, nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 286/12 entablado por D. Basilio Vicnete Santiago contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2012 polo que se procedeu a denegar a licencia de obras para determinadas obras na vivenda unifamiliar sita no nº 87 da Rúa Galicia. Dito decreto aproba a tasación de costas á que foi condenado no recurso D. Basilio Vicente Santiago.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra o 5 de maio de 2014 nos autos do recurso do contencioso-administrativo nº 286/12 polo que se aproban as costas procesais do mesmo na suma de 2.201,02 € a pagar por D. Basilio Vicente Santiago a favor do Concello e acorda dar traslado ós departamentos de intervención e tesoureiría para que inicien o procedemento recaudatorio.

Lese o escrito do asesor xurídico do concello de data 6 de maio de 2014 no que da conta do decreto auto ditados polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de 25 de febreiro e 23 de abril de 2014, respectivamente, nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 382/11 entablado por D<sup>a</sup>. Antolina Martínez Perez contra a resolución de 14 de xullo de 2011 desestimatoria do recurso de reposición entablado contra outra de 8 de abril de 201, desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda polos danos e prexuízos sufridos como consecuencia dunha caída na rúa Inguieiros pola presenza de grava na calzada. Ditos decreto e auto aproban a tasación de costas á que foi condenada no recurso D<sup>a</sup>. Antolina Martínez Perez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do decreto e auto ditados polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra o 25 de febreiro e 23 de abril de 2014, respectivamente, nos autos do recurso do contencioso-administrativo nº 382/11 polos que se aproban as costas procesais do mesmo na suma de 2.500,00 € a pagar por D<sup>a</sup>. Antolina Martinez Perez a favor do Concello e acorda dar traslado ós departamentos de intervención e tesoureiría para que inicien o procedemento recaudatorio.

Lese o escrito RE 2.564 de data 13 de maio de 2014, presentado por D. JOSE RAMÓN MARTÍNEZ PENA, con enderezo na rúa Oliva, nº 51 da Guarda, solicitando autorización para usar o campo de fútbol municipal o día 15 de xuño de 2014 con motivo do torneo das festas da Virxe do Carme.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 2.622 de data 15 de maio de 2014, presentado por COLEXIO SAN XOSÉ – HERMANAS CARMELITAS, con enderezo na rúa Currás, nº 2 da Guarda solicitando permiso para a instalación dun coche con megafonía dentro da Alameda o día 28 de maio para a “IV Andaina Popular” co gallo da Semana Cultural. Asimesmo, solicitan a colaboración da Policía Local e Protección Civil mentras dure a proba.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado aínda que a megafonía ten que estar fóra da Alameda (p.e. na rúa Transv. Troncoso).

Dase conta do escrito RE 2.468 de data 9 de maio de 2014 presentado polo portavoz comarcal de CIUDADANOS CENTRO DEMOCRÁTICO DE GALICIA, solicitando que se xestionen ante Portos de Galicia as melloras necesarias no entorno do Museo de Mar da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que dita solicitude debe tramitarse ante Portos de Galicia que é o órgano competente.

### **PUNTO 8.- ESCRITOS TRAIOS POR CONCELLEIROS.**

---

Dase conta do escrito RE 2.57 de data 30 de abril de 2014, presentado por Dña. Beatriz Estévez Álvarez, en calidade de concelleira de Convergencia Galega, solicitando acceso ó expediente xeral da radio municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda reiterarlle, como no acordo anterior, que non é posible facilitarlle a información solicitada porque non existe a relación contractual que vostede sinala no seu escrito e que non nos consta a existencia do expediente xeral da radio municipal.

*Sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*